

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.**

En valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do oito de abril do dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Aistidos da secretaría municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### **Orde do Día**

#### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN: 25.02.21.**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobou a acta da sesión citada.

#### **2º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE FOMENTO DE CONCILIACIÓN E PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.-**

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A SOLICITUDE DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2021

Visto o informe do persoal técnico de Servizos Sociais, emitido pola educadora social Iria García Martínez, sobre a subvención para os programas de FOMENTO DA CONCILIACIÓN e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais e a aceptación previa das condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria

“INFORME PROPOSTA “SOLICITUDE DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2021”.

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello de Valdoviño (Col. 3545) en relación coa convocatoria de subvencións a entidades locais para a promoción de igualdade no ano 2021 (DOG 12.03.21) INFORMO*

– *Que nos últimos dous anos esta subvención foi solicitada polo Concello de Valdoviño para a realización das actividades de coeducación e igualdade baseadas nun obxectivo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.*

– Que a dita subvención foi solicitada e xustificada, recibindo as cantidades solicitadas coas minoracións correspondentes, ao ter finalmente unha participación maior da prevista na solicitude. – Que o ano pasado solicitaronse dúas liñas da subvención relativas ao Programa de Conciliación e ao Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, e que se renunciou á segunda liña por non haber tempo material para a súa organización, debido á complexidade na programación de actividades no ano 2020, por mor da situación sociosanitaria da COVID.

– Que a necesidade das actividades está suficientemente xustificada pola natureza dos seus obxectivos e pola responsabilidade municipal de cubrir a conciliación familiar e de incidir socioeducativamente na prevención da violencia de xénero na comunidade en xeral e nas familias en particular. Debido a isto, valórase positivo solicitar novamente os dous Programas.

– Que o enfoque técnico de ambos programas está prevista na liña da solicitude anterior, destinando a subvención para dar cobertura ao Programa Concilia Tempos e tamén á creación dun grupo psicossocioeducativo con mulleres que presentan indicadores de risco ou vulnerabilidade social, reducindo preventivamente os factores que inciden nas situacións de violencia na parella.

#### PROPOÑO Á ALCALDÍA

**PRIMEIRO.-** Solicitar a axuda para os programas de FOMENTO DA CONCILIACIÓN e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria.

**SEGUNDO.-** Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.

**TERCEIRO.-** Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente ao alcalde, Alberto González Fernández.

**CUARTO.-** Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa.

En Valdoviño a 06 de abril de 2021 Iria García Martínez Educadora Social”

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local como alcalde, PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local aprobar a solicitude de axuda para os programas de FOMENTO DA CONCILIACIÓN e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais para o ano 2021 e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria, con carácter previo e condicionado á posterior resolución.

Así o acordo, mando e asino na data que figura na marxe.

O alcalde

Asdo: Alberto González Fernández”.

**A Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a proposta que antecede, por unanimidade dos seus membros e votación ordinaria.**

**3.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA).**

Proposta de Alcaldía:

“Con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a FEGAMP, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer a coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa Velutina no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos ofrecendo unha actuación profesional e eficaz, entre eles ó Concello de Valdoviño.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados acadados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos asínase un novo Convenio para continuar coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia e FEGAMP, polo que es posible continuar coa colaboración iniciada.

Visto o texto do convenio e tendo en conta a necesidade de actuar contra esta praga por motivos de seguridade pública,

Proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Continuar adheridos ó convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á Vespa asiática (Vespa Velutina).

**Segundo.-** Notificar o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 8 de abril de 2021

O Alcalde, Asdo. Alberto González Fernández (Asd. dixitalmente)”

**A Xunta de Goberno en votación ordinaria e por unanimidade aprobou a proposta anterior de Alcaldía.**

#### **4.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS INSTADA POR JAVIER GUTIÉRREZ CASAS.-**

Proposta de Alcaldía:

“Vista a instancia de don Javier Gutiérrez Casas, formulada en data 16 de marzo de 2021, rexistro xeral de entrada núm. 639 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrita.

Tendo en conta pois, que o solicitante, atópase empadroado neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don **JAVIER GUTIERREZ CASAS** cunha validez de **CINCO ANOS** dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron á interesada como documento acreditativo desta concesión.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo o interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos; debendo constar ao dorso da notificación as obrigas que deben cumprir os titulares da licenza e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

*ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE”*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade prestou conformidade á proposta de Alcaldía que antecede.**

#### **5º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA: PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-**

**“Expte.- 2020/C003/000005**

A Xunta de Goberno Local de data 01.10.20, aprobou expediente de contratación e comezo de adxudicación da obra: “Proxecto completo de edificación de vestiarios para campo de fútbol municipal de Mourente”; incluída no Plan Provincial de Cooperación

ás obras e servizos de competencia municipal (POS+2020) e financiada ao 100% pola Deputación Provincial.

Proxecto redatado por Rubén Fernández Lombardero, colexiado 3.870 do COAG,.  
Importe total proxecto: 129.441,35 euros (IVE incluído); IVE: 22.465,03€; prezo sen IVE: 106.976,32€.

Realizada a publicación da Licitación na Plataforma de Contratos do Estado onde se aloxa o perfil do contratante, presentadas as ofertas, en sesión de 13.11.20 a Mesa de Contratación abriu e examinou a documentación do sobre “A”, resultando que das empresas presentadas requeriuse a un delas presentación de documentación. Na sesión da Mesa de Contratación de 16 de decembro/2020 acordouse admisión de todas as empresas agás da requerida: OCISAT, S.L. por non aportar a documentación requerida. Tamén en sesión de data 16.12.20, a Mesa de Contratación celebra sesión para apertura das ofertas económicas, contidas no sobre “C”, e procede á valoración das ofertas, co Programa de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 106.976,32 euros, resultando:

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E  
CONSTRUCCION SL:

100% Factor prezo . Valor introducido polo licitador: 103.689,98 Baixa (%).- 3,07.-  
Puntuación: 14,33

CIF: B70538459 BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.:

100%- Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 103.520,98 Baixa (%) 3,23.-  
Puntuación: 15,07

CIF: B70574397 CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.:

100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 106.174,0 Baixa (%) 0,75  
Puntuación: 3,50

CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:

100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 90.394,99 Baixa (%) 15,5  
(Temeraria).- Puntuación: 71,50

CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL:

100% Factor prezo Valor introducido polo licitador: 95.065,84 Baixa (%) 11,13.-  
Puntuación: 51,94

De conformidade co estipulado no punto 15.4 dos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen para a contratación. A MESA **ACORDA**:

1.- EFECTUAR REQUERIMIENTO á empresa incurso en baixa temeraria CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. para que presente documentación xustificativa da baixa na súa oferta; documentación que presenta en prazo , a cal se remite á oficina técnica de obras e urbanismo municipal; emitindo o arquitecto técnico municipal o correspondente informe no que conclúe:

“... que na documentación presentada pola empresa **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA**, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.”

A Xunta de Goberno Local en sesión de 4.03.21, adoptou os seguintes ACORDOS:

**“Primeiro.-** Considerando que a empresa CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.; resulta ser a que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa economicamente (único criterio de valoración: factor prezo) e que xustificou a baixa,; sendo a súa oferta:

- a) Prezo sen IVE.- 90.394,99 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 18.982,95 Euros.
- c) Total 109.377,94 euros.

**REQUERIR a dito licitador** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE; 4.519,75 euros); **aos efectos de poder serlle adxudicada a obra.**

*De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte”*

En data 16.03.21 (registro 202199900000410) .EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A; presenta a documentación previa á adxudicación correcta e en prazo. Constan tamén os certificados de non débedas desta empresa co Concello de Valdoviño.

En base aos antecedentes existentes; **a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, nesta sesión de 8.04.21**, adopta os seguintes **ACORDOS:**

**PRIMEIRO.- ADXUDICAR** a obra: **PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE** á empresa **A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A** por: Prezo sen IVE.- 90.394,99 euros; IVE.- 18.982,95 Euros. **Total 109.377,94 euros;** e con prazo de execución de **CATRO (4) MESES;** contados a partir do seguinte da sinatura da acta de replanteo.

**SEGUNDO.-** Dispor do gasto na correspondente aplicación orzamentaria.

**TERCEIRO.-** Nomear coma Diretor de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde a Rubén Fernández Lombardero, colexiado 3.870 do COAG,

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á adxudicataria e requerirlle para formalizar o contrato; e ao Diretor de obra para que exerza as súas funcións derivadas do designamento.

**QUINTO.-** Notificar tamén o acordo aos demais licitadores para o seu coñecemento e efectos e publicar a adxudicación.

**6º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA: PROXECTO DE DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN MONTEFARO E VILABOA.-**

“Expte. 2020/C003/000004

Aprobouse contratación e comezo de adxudicación do proxecto de obra: “ Proxecto de dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa”, por acordo de Xunta de Goberno Local de 1.10.20, incluído no POS+2020, financiado ao 100% pola Deputación Provincial da Coruña; proxecto redatado por Victoria Alonso Caeiro, arquitecta COAG 3.013.

Importe total proxecto: 51.909,44 euros, dos que 9.009,08 corresponde ao IVE e 42.900,36 euros ao prezo sen IVE.

Feita a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público, onde se aloxa o perfil de contratante, e presentadas as ofertas a Mesa de Contratación en sesión de 13.11.20 aperturou os sobres “A” de documentación administrativa acordando requerir a dúas empresas para subsanar, e en sesión de 16.12.20 a Mesa de Contratación examinou a documentación das empresas requeridas acordando a admisión de todas as empresas na licitación. Tamén o 16.12.20 aperturou os sobres “C” de oferta económica e procedeu á valoración mediante o programa de Valoración de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación Proivncial; tomando coma prezo o importe do proxecto sen o IVE\_: 42.900,36 euros, resultando:

CIF: B70045646 ARKIVOLTA CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTOS SL:  
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 34.320,00 Baixa (%).- 20,00  
(Temeraria) Puntuación: 85,00

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E  
CONSTRUCCION SL:  
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 41.789,15 Baixa (%).- 2,59.-  
Puntuación: 12,09

CIF: B70538459 BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.:  
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 42.226,83 Baixa (%) 1,57 .-  
Puntuación: 7,33

CIF: B70574397 CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.:  
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 41.729,18 Baixa (%).- 2,73.-

Puntuación: 12,74

CIF: B15554421 CAMOGA S.L.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 42.650,36 Baixa (%).- 0,58

Puntuación:

2,71

CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 36.658,36 Baixa (%).- 14,55

Puntuación: 67,90

CIF: B27444330 M3AUGA SL:

100%- Factor prezo Valor introducido polo licitador: 38.213,77 Baixa (%).- 10,92.-

Puntuación: 50,96

CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 39.145,03 Baixa (%).- 8,75

Puntuación: 40,83

CIF: B15480403 OCISAT, S.L.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 37.177,46 Baixa (%).- 13,34.-

Puntuación: 62,25

De conformidade co estipulado no punto 15.4 dos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen para a contratación a Mesa de Contratación acordou:

1.- EFECTUAR REQUERIMIENTO á empresa incurso en baixa temeraria

CIF: B70045646 ARKIVOLTA CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTOS SL:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 34.320,000 Baixa (%).- 20,00 (Temeraria) Puntuación: 85,00; para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES xustifique a oferta, acompañando a documentación e tendo en conta o que se refire no apartado 15.4.3 e 15.4.4. da presente cláusulas (15.4).

Notificado o requerimento e aceptada polo usuario ARKIVOLTA, sen que conste a presentación da documentación requerida, xustificativa da baixa,

CONSIDERANDO os antecedentes expostos, a Xunta de Goberno Local do 4.03.21, ACORDOU:

**“PRIMEIRO.-** Excluir da licitación á empresa ARKIVOLTA CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTOS SL, por non xustificar a baixa na súa oferta.

**SEGUNDO.-** Visto que a seguinte empresa máis vantaxosa economicamente (único criterio de adxudicación factor prezo) é EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., CIF: A15352735; que presenta coma oferta:



- a) Prezo sen IVE.- 36.658,36 euros  
b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe : 7.698,26 euros  
c) Total .- 44.356,62 euros

**REQUERIR a dito licitador,** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; inclúa a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE; 1832,92 euros); **aos efectos de poder serlle adxudicada a obra.**

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo a "ARKIVOLTA CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTOS SL" e a "EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A" para o seu coñecemento e efectos."

En data 16.03.21 (registro 202199900000402) .EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A; presenta a documentación previa á adxudicación correcta e en prazo. Constan tamén os certificados de non débedas desta empresa co Concello de Valdoviño.

En base aos antecedentes existentes; **a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, nesta sesión de 8.04.21,** adopta os seguintes **ACORDOS:**

**PRIMEIRO.- ADXUDICAR** a obra: "PROXECTO DE DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN MONTEFARO E VILABOA" á empresa **A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A por:** Prezo sen IVE.- 36.658,36 euros; IVE.- 7.698,26 euros; **Total .- 44.356,62 euros** e con prazo de execución de **CATRO (4) MESES;** contados a partir do seguinte da sinatura da acta de replanteo.

**SEGUNDO.-** Dispor do gasto na correspondente aplicación orzamentaria.-342.60900

**TERCEIRO.-** Nomear coma Directora de Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde a Victoria Alonso Caeiro, colexiada 3.013 do COAG,

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á adxudicataria e requerirlle para formalizar o contrato; e ao Diretor de obra para que exerza as súas funcións derivadas do designamento.

**QUINTO.-** Notificar tamén o acordo aos demais licitadores para o seu coñecemento e efectos e publicar a adxudicación.

## FÓRA DA ORDE DO DIA

### **- ESCRITO DE ALEGACIONES DA EMPRESA MECANO SPORT S.L.-**

Visto o escrito rexistro 202199900000575 de 7.04.21 presentado por MECANO SPORT adxudicatario de obra, en resposta a notificación que se lle remitiu trasladándolle acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 4.03.21, do tenor literal seguinte:

### **“5º.- INFORME DO DIRECTOR DA OBRA: “CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE” EN CUMPRIMENTO DE SOLICITUDE ACORDADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE 14.01.21.-**

Vistos os informes remitidos polo técnico director de obra do proxecto básico e de execución, modificado 1 do campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente, de datas 22.02.21, resumidos en:

- a) Obras pendentes de certificar: 143.587,15€
- b) Deficiencias de obras executadas: 10.735,92€

A Xunta de Goberno previa deliberación, acorda por unanimidade:

1º.- Tomar coñecemento dos devanditos informes

2º.- Requerir á Mecano Sport para que no prazo de quince días subsane as deficiencias advertidas polo técnico director de obra, significándolle que en caso contrario procederase á incautación da fianza depositada na cantidade respectiva; quedando a tal efecto o aval pendente de devolución; a estos efectos daraselle traslado do devandito informe.”

Analizado o escrito antedito de alegacións mostrando expresamente a súa disconformidade que detalla no escrito,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, na sesión de 8.04.2021, **ACORDA:**

.- Dar traslado do dito escrito de Mecano Sport S.L de 7.04.21, ao Director de Obra Sr. Fernández Lombardero para exame das ditas alegacións presentadas polo adxudicatario.

PARTE DE ACTIVIDADE:

### **7.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.**

Asistentes:

Alberto González Fernández- Presidente

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Jessica Sabín Fernández

Sinala o alcalde que respecto a Valdoviño non hai cambios seguindo no mesmo nivel, e a espera do que se dicte en novas normas.

#### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sendo as dez horas e trinta minutos, a sesión queda levantada polo Presidente. Estendese a presente acta sobor da sesión, que coma Secretaria, CERTIIFCO.

*Documento asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo alcalde.*